




XUNTA
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS
LÓPEZ FERREIRO

Plan de Convivencia



ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA	4
2. ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CEIP DE PRÁCTICAS LÓPEZ FERREIRO.....	5
2.1 DATOS EXTRAÍDOS DA ANÁLISE DO PLAN ESTRATÉGICO DE MELLORA	5
2.2 OBSERVACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO POR SECTORES	7
2.3 ÁREAS DE MELLORA: ANÁLISE DAFO	11
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	12
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA	16
A) Medidas preventivas e de sensibilización	16
B) Medidas organizativas	17
C) Medidas curriculares	19
D) Medidas para a coordinación	21
5. NORMAS DE CONVIVENCIA	23
A. Respecto ao ALUMNADO	23
B. Respecto ás FAMILIAS	23
C. Respecto do PERSOAL DOCENTE e NON DOCENTE	24
5.1 APLICACIÓN DA NORMATIVA	25
5.1.1 Dereitos e deberes das nais, pais, titoras e titores.....	25
5.1.2 Dereitos e deberes do alumnado	26
5.1.3 Dereitos e deberes do profesorado	27
5.1.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos	28
5.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA. COMPROMISO DE CONVIVENCIA E CONTRATO	29
5.3 CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES E AGRAVANTES QUE CONCORRAN NO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA	34
5.4. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS.....	35
5.5. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.....	35
5.6 LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA OS RECREOS	36
6. EQUIPOS E CONVIVENCIA ESCOLAR	37
6.1 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA	37
6.1.1 Composición	37
6.1.2 Funcións	38
6.2 FUNCIÓNS DOUTROS EQUIPOS QUE FACILITEN A CONVIVENCIA ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	39

6.2.1 Equipo directivo.....	39
6.2.2 Persoa dinamizadora de benestar e protección	41
6.2.3 Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica en materia de convivencia escolar	43
6.2.4 Funcións dos equipos docentes	44
6.2.5 Claustro do profesorado	44
6.2.6 Consello escolar do centro.....	45
7. ESPAZOS DINAMIZADORES DA CONVIVENCIA ESCOLAR	45
7.1 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	45
7.2 AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA.....	47
7.3 PATIOS PARTICIPATIVOS E FACILITADORES	48
8. PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA	49
8.1 PRINCIPIOS COMÚNS	49
8.2 ASEMBLEAS DE AULA	50
8.3 FALADOIROS SOBRE IGUALDADE E BO TRATO	51
8.4 MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS.....	52
8.5 TITORÍA COMPARTIDA	53
8.6 PRÁCTICAS RESTAURATIVAS.....	54
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN PARA DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA	54
9.1 A nivel interno no centro	56
9.2 Coas familias	58
9.3 Con outras institucións e coa contorna.....	60
10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	62
11. MECANISMOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	62
12. PROTOCOLOS A SEGUIR	63
Protocolo de acoso escolar e ciberacoso	64
Protocolo de absentismo	65
Maltrato infantil	66
Risco suicida.....	67
Violencia de xénero	68
Garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero	69
Problemas de conduta.....	70
Atención ao alumnado con enfermidades longas ou crónicas	71
Protección de datos.....	72
OUTROS PROTOCOLOS (diversidade e orientación)	73

Anexos	74
ANEXO I: Modelo de parte de incidencias.....	75
ANEXO II: Desenvolvimento dos patios participativos e facilitadores.....	76
ANEXO III: A mediação entre iguais	77
ANEXO IV: A titoría compartida.....	78
ANEXO V: Práticas restaurativas.....	79

1. XUSTIFICACIÓN E NORMATIVA

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), na Exposición de motivos, propón o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, sinalándoo como un dos fins do sistema educativo.

Así mesmo no seu artigo 121 sinala que o Proxecto Educativo de Centro incorporará un Plan de Convivencia. No caso do CEIP de Prácticas López Ferreiro, este data de 2016. As características dunha sociedade en continua transformación e os cambios lexislativos producidos, fan necesarios a súa actualización que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.

Segundo o anterior, o Plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Deste xeito considérase imprescindible traballar a convivencia e a interacción social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos para a mellora do clima que debe presidir as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e, xa que logo, o beneficio na calidade educativa do centro.

O presente Plan de convivencia baséase na lexislación que deseguido se expón:

- [Constitución Española](#) e [Estatuto de Autonomía de Galicia](#).
- [Decreto 8/2015](#), do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- [Decreto 229/2011 de Atención á Diversidade](#), onde se recollen artigos sobre a mellora da convivencia escolar.
- [Orde do 8 de setembro de 2021](#), pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.
- [Lei orgánica 8/2013](#), do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- [Real decreto 1398/1993](#), do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. R.O.C. [Decreto 374/1996](#), do 17 de outubro.
- [Regulamento orgánico](#) das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (DOG 21-10-96)

- [Orde do 22 de xullo de 1997](#) pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97). [Modificación parcial](#) desta orde (adscripción funcional e horarios).(DOG 06-07-2010).
- [Lei 27/2005](#), do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- [Lei 4/2011](#), do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- [Decreto 150/2022](#), do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil.
- [Decreto 155/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria.
- [Ley Orgánica 8/2021](#) de 4 de junio de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia.
- [Orde do 23 de agosto de 2023](#), pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

A elaboración do Plan de convivencia suporá a reflexión e, de ser o caso, a actualización dos seguintes documentos:

- O Proxecto educativo do centro.
- A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas e da metodoloxía empregada.
- O Plan xeral de atención á diversidade e o Plan de acción tutorial.
- As Normas de organización e funcionamento do centro, sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do Plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.
- A Programación xeral anual.

2. ANÁLISE DA CONVIVENCIA NO CEIP DE PRÁCTICAS LÓPEZ FERREIRO

2.1 DATOS EXTRAÍDOS DA ANÁLISE DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA	5
2.2 OBSERVACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO POR SECTORES.....	7
2.3 ÁREAS DE MELLORA: ANÁLISE DAFO	11

2.1 DATOS EXTRAÍDOS DA ANÁLISE DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA

O noso centro está situado nun enclave da cidade que permite un moi fácil acceso a recursos do entorno (biblioteca pública, museos, exposicións, a arquitectura da

propia cidade...), que se poden aproveitar para dinamizar diferentes situacións de aprendizaxe que, ao tempo, faciliten a convivencia e o respecto.

Asemade, realízanse programas de innovación educativa (venres creativos, propostas da biblioteca, uso do horto, EDixgal, Proa+...), que motivan ao alumnado e o sitúan en diferentes contextos para aprender, co que iso conleva de asunción de valores para acadar un obxectivo común.

Os servizos que ofrece a ANPA favorecen a conciliación familiar, polo que repercuten positivamente entre a nosa comunidade.

En todo caso, hai aspectos que se sinalan como mellorables, tales como:



- Os patios: pouco integradores; sen recursos naturais; pouco atractivos.
- A accesibilidade: moitas escaleiras, mesmo esvaradías; hai zonas do centro ás que o alumnado con problemas de mobilidade non pode acceder.
- A coordinación: fomentar a participación das familias no centro; coordinación efectiva entre as distintas etapas educativas; máis empatía con todo o persoal non docente; máis tempo para as coordinacións.
- A información que se ofrece ás familias (instalacións, recursos, difusión dos programas, coñecemento do equipo directivo...); tamén ao persoal non docente e un maior apoio e ferramentas para reconducir as condutas e conflitos das nenas e dos nenos.
- A metodoloxía: bótase de menos unha aprendizaxe máis vivencial, que estimule o pensamento crítico, que traballe a educación emocional e que fomente as actividades en grupo; tamén, un cambio máis gradual de educación infantil a primaria e que exista un programa de acollida para o alumnado de nova incorporación ao centro.

Está claro que os puntos anteriores provocan situacións de tensión que, en maior ou menor grao segundo as circunstancias e os diferentes membros da comunidade educativa do López Ferreiro, hai que ter en conta para o establecemento de accións na mellora da convivencia.


2.2 OBSERVACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO POR SECTORES

Os conflitos e a convivencia obsérvanse con perspectiva diferente segundo os sectores da nosa comunidade educativa. Estes son os resultados recollidos das enquisas que se pasaron:


- ***Sénteste cómoda/o no CEIP López Ferreiro?***




- ***Pensas que se respectan os dereitos do alumnado?***





- **Principais conflitos que se observan na dinámica do centro:**




- **Principais lugares dos conflitos:**



- **Percepción dos tres principais tipos de conflitos por sectores:**





- **Conclusións das propostas libres para mellorar a convivencia dos diferentes sectores.** (Para a súa valoración, optouse por agrupar as respostas segundo o contido que nelas aparecían).

A) Alumnado

Unha boa parte das respostas deste sector non propón como mellorar os problemas de convivencia. En todo caso, hai un aspecto que consideran fundamental: que o alumnado debe aprender a ter máis paciencia e mellorar o seu autocontrol. É dicir, están pedindo, coas súas palabras, habilidades sociais e hábitos emocionais.

A nivel metodolóxico, poñen de manifesto que é positiva a relación entre os distintos cursos (mesmo citan os “venres creativos”), e incídese en que haxa máis deportes e xogos para aprender a respectar durante os recreos.

Derivado dos problemas que se producen neste período, considérase que debe haber máis profesorado para a resolución de conflitos, aínda que tamén se propón que haxa un equipo de mediación para resolver os problemas que poidan xurdir entre elas e eles.

Dos resultados das enquisas, advírtese que non consideran as novas tecnoloxías como unha fonte de conflitos, e que se consideran moi responsables en canto ás normas do centro e ao bo mantemento do edificio.

B) Familias

As respostas recibidas amosan na súa meirande parte unha actitude positiva e de implicación nas propostas. Con todo, hai aspectos que cómpre ter en conta para mellorar a convivencia segundo este sector:

- Debe haber unha maior presenza de programas emocionais, sistemáticos ao longo da escolaridade, que fomenten desde a autonomía entre o alumnado na resolución de conflitos ata o desenvolvemento da súa responsabilidade, empatía... Tamén ter en conta a situación emocional do alumnado para o seu reagrupamento nos cursos impares.
- Hai un sector das familias que valora moi positivamente que desde o centro se desenvolvan tarefas e programas a prol dunha igualdade efectiva entre homes e mulleres. Non obstante, practicamente o mesmo número considera que hai nenos que se senten discriminados e que iso pode repercutir na convivencia.
- Parece que a comunicación entre o profesorado e as familias podería ser mellorable. Incídese en que debe existir unha comunicación positiva, na busca de solucións, entre estes dous sectores.
- Observan que os patios son unha fonte de conflitos; para mellorar, apúntanse ideas como que haxa máis profesorado de vixilancia, ou que acuda persoal observador externo para un maior coñecemento da realidade. Outras familias remarcen que deben existir recreos diversificados e inclusivos.
- Insístese en que se deben programar actividades lúdicas para a mellora da convivencia: entre niveis, celebracións familia-escola, pedagogías activas e cooperativas, maior apertura do profesorado ao diálogo..., con reforzos positivos para as “boas condutas”.
- Dos resultados das enquisas e pola aportación dalgunha resposta, as novas tecnoloxías son vistas como un problema para o alumnado de tan pouca idade.
- Hai respostas (sete de noventa e nove) que consideran que hai demasiada permisividade ante condutas disruptivas.

C) Persoal non docente

- Para este sector é fundamental un clima de traballo onde haxa valoración e cooperación co seu labor.
- Tamén se subliña que podería mellorarse a comunicación co resto da comunidade educativa.

D) Profesorado

Coincide coas opinións recollidas das familias no sentido de que son prioritarios dous aspectos:

-Desenvolvemento sistemático de programas de habilidades sociais e de mellora da xestión emocional co alumnado mediante faladoiros, programas de mediación, asembleas..., mesmo reservando para isto unha parte do horario lectivo ou por medio de PPFP, co cal se contriburía tamén a un mellor ambiente de traballo entre o profesorado.

Neste senso, o 70,8% do persoal docente que contestou á enquisa, considera que necesita máis formación en convivencia, educación emocional e igualdade, polo que deberían ser implementados no centro os seguintes programas (expóñense os máis votados): *programa de habilidades e competencias sociais; plan de mediación entre iguais; guía de actuación para promover a convivencia positiva; guía de prácticas restaurativas.*

-Incídese na metodoloxía de traballo, na que hai que promocionar actividades cooperativas, dinámicas e de convivencia, tamén entre distintos niveis e tanto dentro como fóra do recinto escolar.

-Ademais, apórtase que sería positivo establecer ambientes de traballo cun currículo diversificado.

2.3 ÁREAS DE MELLORA: ANÁLISE DAFO

Se se analizan os puntos fortes e débiles a modo dunha análise DAFO, encontrariámosnos coa seguinte perspectiva:

ORIXE INTERNA		ORIXE EXTERNA	
PUNTOS DÉBILES	DEBILIDADES	AMEAZAS	
	Dificultades de accesibilidade e falta de espazos: os patios son lugares de conflito. Baixa interdisciplinabilidade, con escasas propostas para o traballo emocional. Aulas masificadas con escasas posibilidades para crear ambientes de traballo.	Competencia con outros centros. Arquitectura do centro pouco funcional. Escasa percepción do que se realiza entre as familias. Uso das novas tecnoloxías entre o alumnado.	
PUNTOS FORTES	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES	
	Boa situación na cidade. A maioría da comunidade educativa séntese cómoda. Equipos de dinamización moi activos que comezan a introducir novas perspectivas metodolóxicas. Respéctanse os dereitos do alumnado. Existen prácticas que favorecen a convivencia e a inclusión.	Centralidade xeográfica e cultural. Colaboración positiva coa ANPA do centro (oferta servizos). Demanda de participación en actividades de diferentes órganos e institucións. Boa actitude da comunidade educativa cara a participación en programas de convivencia, con posibilidade de desenvolvemento de novos proxectos.	

3. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Amósanse á esquerda os obxectivos xerais de acordo ao artigo 12 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro. Á dereita están desenvolvidos, tendo en conta a análise diagnóstica do punto anterior:

A) Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.	A.1. Difundir as normas básicas do Plan de convivencia entre a comunidade educativa para o seu coñecemento. A.2.Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, programando accións que favorezan a adaptación e a súa interacción co resto do alumnado e profesorado.
--	---

	A.3. Organizar accións e espazos para o cumprimento das normas de convivencia. A.4. Nomear, dentro do Consello Escolar, unha Comisión de convivencia que vele pola interacción positiva entre os distintos membros da comunidade educativa, así como unha persoa responsable de impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre os homes e as mulleres.
B) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.	B.1. Favorecer o desenvolvemento de PFPP e ENAPAS para mellorar a xestión dos problemas de convivencia do centro. B.2. Implicar aos equipos docentes na celebración de determinadas datas que teñan como obxectivo un desenvolvemento do benestar emocional entre a comunidade escolar B.3. Avaliar, periodicamente, o grao de cumprimento do establecido no Plan de convivencia por parte de toda a comunidade educativa.
C) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.	C.1.Consensuar, a partir da reflexión, normas básicas de cumprimento tanto a nivel de centro como das propias clases, tendo en conta as NOFC e o Plan de convivencia. C.2.Potenciar metodoloxías activas que permitan a diversificación segundo as características de cada quen. C.3.Establecer pautas de actuación para acadar unha igualdade efectiva entre homes e mulleres.
D) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que poidan producirse no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.	D.1. Reservar nas propostas didácticas, un tempo específico para desenvolver as habilidades sociais e emocionais. D.2. Informar periodicamente á Comisión de convivencia dos principais conflitos do centro e acordar os reaxustes necesarios.
E) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso	E.1. Diseñar e desenvolver accións formativas dirixidas ao alumnado para mellorar actitudes e valores de autoestima, confianza, diversidade, tolerancia, responsabilidade e cooperación.

escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.	E.2. Análise de contidos na selección de material curricular que promova a igualdade de xénero, a inclusión e o respecto polas minorías. E.3. Programar accións que favorezan a construción de identidades individuais e colectivas que rompan cos prexuízos e os estereotipos.
F) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.	F.1. Apostar pola mediación, a reeducación e a adquisición de principios de convivencia positiva mediante a posta en práctica de diferentes programas. F.2. Mellorar as habilidades de autonomía entre o alumnado para a resolución pacífica de conflitos.
G) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.	G.1. Establecer un programa ordenado, planificado e gradual de habilidades sociais que o alumnado debe coñecer e acadar coa axuda das familias. G.2. Desenvolver prácticas metodolóxicas de servizo á comunidade, que propicien a autonomía, a iniciativa e a cooperación. G.3. Facer partícipe ao alumnado da xestión de determinados programas. G.4. Deseñar accións para que a opinión do alumnado se teña en conta na organización do centro.
H) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.	H.1. Informar sobre as posibilidades de participación nas instancias representativas do centro (ANPA, Consello Escolar, celebracións, actividades específicas...) H.2. Establecer estratexias de comunicación para nas reunións conxuntas, ou a nivel individual, consensuar pautas comúns de actuación e necesidades de formación. H.3. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas do que precisen, en especial da importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar e dos contravalores a eliminar, das relacións familia, alumnado e profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino aprendizaxe, para contribuír á formación dunha sociedade para a convivencia democrática. H.4. Potenciar a creación e apertura de espazos de encontro entre as familias e o centro docente.

I) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.	I.1. Continuar a desenvolver estratexias para a mellora da convivencia cos Servizos Sociais do Concello, así como con outros organismos e institucións. I.2. Organizar unha <i>Comisión de benestar emocional</i> que coordine as distintas actuacións. I.3. Organizar unha <i>Comisión de patios participativos</i> que coordine as distintas actuacións para a mellora da convivencia nos patios.
---	--

4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

A)	Medidas preventivas e de sensibilización	16
B)	Medidas organizativas	17
C)	Medidas curriculares	19
D)	Medidas para a coordinación	21

Hai que destacar que con independencia dos contidos obxecto das normas de convivencia, estas non poden perder nunca a perspectiva da súa finalidade última: facilitar a convivencia grupal no centro, compartir, acordar e realizar tarefas en común para mellorar a colectividade. Trátase, xa que logo, máis de previr que de intervir, de crear un ambiente sensible e cordial para a acción en común, e non tanto de regulamentar cantas actividades se realicen.

A) Medidas preventivas e de sensibilización

OBXECTIVO CO QUE RELACIONA	MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS
A.1.	Circular informativa ás familias, lembrando as principais normas de organización e funcionamento, para implicarse e colaborar no proceso educativo.	Dirección do centro.	Inicios de curso. Formalización de novas matrículas.	Familias
A.1. H.2.	Reunións informativas titorías-familias, sobre o Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do Centro.	Persoas titoras.	Principio de curso.	Familias.
C.1. C.3.	Faladoiros nas aulas sobre o Plan de Convivencia e as normas do centro, a partir das cales se consensuarán as normas da aula.	Persoas titoras e profesorado.	Inicio de curso e sempre que sexa necesario.	Alumnado.

A.1.	Información ao profesorado de nova incorporación e persoal non docente sobre as características organizativas e de funcionamento do centro.	Equipo directivo e departamento de orientación.	Sempre que se incorpore novo persoal docente.	Persoal docente.
H.2 I.1	Programación de reunións para unha comunicación fluída co persoal non docente, persoal do comedor e monitoras e monitores de actividades extraescolares para informar sobre o cumprimento das medidas preventivas e as incidencias de convivencia.	Equipo directivo e departamento de orientación, de ser o caso.	Trimestralmente e sempre que sexa necesario.	Persoal non docente.
F.2 G.3 I.1	Deseño e desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao alumnado sobre: • Temas relacionados coa igualdade e o bo trato. • Os problemas das novas tecnoloxías. • Accións concretas sobre a violencia de xénero. • A educación afectivosexual. • A educación emocional.	Equipo directivo, departamento de orientación, equipo de benestar emocional.	Durante todo o curso.	Alumnado.

B) Medidas organizativas

OBXECTIVO CO QUE RELACIONA	MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS
H.2 H.3	Desenvolvemento das actividades presentes no <i>Plan de acollida</i> , para o alumnado de nova incorporación.	Profesorado tutor e quen imparta clase ao novo alumnado.	Cando se produza a incorporación.	Novas matrículas e alumnado do centro en xeral.
H.3 H.4	Entrevistas coa familia do alumnado de nova incorporación para a recollida de datos.	Persoas titoras e, no seu caso, a xefatura do departamento de orientación.	Cando se produza a incorporación.	Profesorado e departamento de orientación.

H.4	Adaptación de horarios para favorecer a incorporación do alumnado de 4º de educación infantil.	Xefatura de estudos; equipo de educación infantil e persoal de administración e servizos.	Segundo a normativa establecida no calendario escolar.	Familias e alumnado de 4º de educación infantil.
E.1 E.3	Elaboración dun <i>Plan de igualdade, autoestima e autocoñecemento</i> para pór en práctica na acción tutorial co alumnado.	Equipo directivo, departamento de orientación, equipo de benestar emocional e persoa responsable de impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no CEIP López Ferreiro.	Durante todo o curso.	Persoas titoras e alumnado.
A.3 C.1	Organización de accións e espazos para o cumprimento das normas de convivencia.	Equipo directivo, equipo docente e departamento de orientación.	Sempre que sexa necesario.	Alumnado.
G.4.	Potenciación de reunións do equipo directivo con alumnado representante das titorías para analizar a organización do centro desde a súa perspectiva e recoller as súas propostas.	Equipo directivo, titorías, alumnado.	Unha por trimestre.	Alumnado.
H.2 H.3	Intercambio de información coas familias sobre os xeitos de interactuar a nivel social da súa filla ou do seu fillo.	Profesorado que imparte clase a unha alumna ou alumno.	Durante todo o curso.	Persoas titoras e familias.
H.3 H.4			Durante todo o curso.	Familias.

	Potenciación de ENAPAS que desenvolvan estratexias para mellorar a xestión, como familias, dos problemas de convivencia, as habilidades sociais e a educación emocional.	Equipo directivo e ANPA.		
B.1	Favorecer o desenvolvemento de PFPP para mellorar a xestión dos problemas de convivencia do centro.	Equipo directivo e Claustro.	Durante todo o curso.	Profesorado.
C.2 E.3 F.2 G.3	Posta en práctica de novas estratexias de <i>Patios participativos</i> .	CCP Comisión de patios participativos.	Durante todo o curso.	Profesorado e alumnado.

C) Medidas curriculares

OBXECTIVO CO QUE RELACIONA	MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS
C.2 E.2	Análise de contidos na selección de material curricular que promova a igualdade de xénero, a inclusión e o respecto polas minorías.	CCP e equipos docentes.	Finais de curso.	Alumnado en xeral.
C.3	Difusión de regras básicas para un uso non sexista da linguaxe, tanto no plano oral coma no escrito.	Comunidade educativa.	Durante toda a etapa escolar.	Comunidade educativa.
A.3 B.3	Recollida de información; análise de cada grupo e intervención nos casos que o requiran tras a análise dos datos obtidos.	Profesorado e departamento de orientación.	Primeiro trimestre e sempre que sexa necesario.	Alumnado.
C.2		Profesorado.	Durante todo o curso.	Alumnado.

	Emprego de metodoloxías activas que fomenten a participación de todo o alumnado e a inclusión de quen amose máis dificultades sociais ou cognitivas.			
C.2 C.3 E.3	Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas que promovan a coeducación, así como a visibilización do labor das mulleres.	Persoa responsable de impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no CEIP López Ferreiro. Equipos docentes.	Durante todo o curso	Comunidade educativa.
G.2	Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas que propicien a análise crítica da información recibida (imaxes, noticias das redes sociais, programas de televisión...)	Profesorado e entidades colaboradoras.	Alo menos unha por trimestre.	Alumnado.
B.2	Deseño e desenvolvemento de propostas didácticas que favorezan o coñecemento e valoración de persoas con discapacidade.	Equipos docentes.	Durante todo o curso.	Alumnado.
E.3	Desenvolvemento de actividades e tarefas que propicien unha interrelación entre o alumnado de diferentes cursos.	Claustro do profesorado e equipos docentes.	Durante todo o curso.	Alumnado.
B.2	Celebración de datas especiais que fomenten a reflexión sobre determinados problemas de convivencia: • Día da non violencia. • 25N e 8M. • Día de Internet seguro. • Día contra a violencia e o acoso escolar. • Día do pobo xitano. • Día dos dereitos da nena e do neno.	Equipos de dinamización do centro. Equipo de benestar emocional. Profesorado.	Nas datas que corresponda.	Alumnado.

	• Día contra o acoso escolar. • Día da diversidade sexual. • Outras propostas dos equipos.			
A.3	Adquisición de material para favorecer unha metodoloxía inclusiva.	Equipo de biblioteca; equipos docentes.	Durante todo o curso.	Alumnado.
C.2	Programación de adaptacións do currículo, das metodoloxías, dos criterios de avaliación..., segundo as características de cada alumna ou alumno.	Xefatura de estudos, profesorado e equipo de orientación.	Durante todo o curso.	Alumnado.

D) Medidas para a coordinación

OBXECTIVO CO QUE RELACIONA	MEDIDA	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	PERSOAS DESTINATARIAS
G.1	Deseño dun Programa de habilidades sociais para o alumnado que reiteradamente incurra en condutas disruptivas.	Xefatura de estudos, titorías e departamento de orientación.	Sempre que sexa necesario.	Alumnado.
I.2	Nomeamento dunha persoa coordinadora de benestar e convivencia, para a coordinación das actuacións.	Claustro.	Primeiro mes de curso.	Comunidade educativa.
D.2	Creación da Comisión de Convivencia no seo do Consello Escolar.	Consello Escolar.	Primeiro mes de curso.	Comunidade educativa.
A.4	Nomeamento dunha persoa responsable de impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre os homes e as mulleres no seo do Consello Escolar.	Consello Escolar.	Primeiro mes de curso.	Comunidade educativa.
I.3			Primeiro mes de curso.	

	Creación dunha comisión para o desenvolvemento dun proxecto de patios inclusivos.	Equipo directivo e CCP.		Profesorado e alumnado.
H.1 H.4	Establecemento de reunións periódicas entre o equipo directivo e a ANPA.	ANPA e equipo directivo.	Unha reunión por mes.	Comunidade educativa.
D.1	Plasmación nas propostas didácticas de como se vai favorecer a convivencia a nivel de aulas e valoración do seu desenvolvemento na memoria	Equipos docentes.	Primeiro trimestre e revisión ao longo do curso.	Comunidade educativa.
B.2	Reunións para a organización de determinadas celebracións.	Claustro e equipos de dinamización.	Sempre que sexa necesario.	Alumnado e familias.
A.2	Nomeamento dunha persoa encargada da comunicación do centro.	Dirección.	Todo o curso.	Comunidade educativa.
D.2 B.3	Análise da convivencia ao longo do curso e reaxuste das medidas necesarias.	CCP e Comisión de Convivencia.	Unha reunión por trimestre e sempre que sexa necesario.	Comunidade educativa.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

A.	Respecto ao ALUMNADO	23
B.	Respecto ás FAMILIAS	23
C.	Respecto do PERSOAL DOCENTE e NON DOCENTE	24

Incluídas na NOFC do centro.

A. Respecto ao ALUMNADO

- A asistencia ás clases e ás actividades nas que voluntariamente se inscriba.
- A puntualidade a clase e a todas as actividades programadas no centro.
- Mantemento dunha actitude correcta nas clases e actividades.
- Respecto e trato axeitado cara todas as persoas coas que convive no centro, non consentindo o exercicio de violencia física, psicolóxica ou verbal.
- Utilización dun volume de voz axeitado á actividade que se está realizando.
- Desprazamentos ordenados polo centro, sen molestar aos demais.
- Permanencia no recinto escolar, sen abandonalo sen acompañamento ou a debida autorización.
- Permanencia nas dependencias nas que se desenvolvan as actividades, non saíndo salvo en casos xustificados ou autorizados polos profesionais encargados das mesmas.
- Respecto e coidado de materiais, mobiliario e instalacións interiores e exteriores do centro.
- Aseo e coidado persoal axeitado.
- Non uso de aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, cámaras, consolas...) durante o tempo lectivo salvo uso como ferramenta pedagóxica con autorización.
- Non se debe acudir ao Centro con obxectos que polo seu valor económico ou a súa utilidade non sexan axeitados ao contexto escolar (cartos, xoias...).

B. Respecto ás FAMILIAS

- Manter e transmitir aos seus fillos e fillas unha idea positiva respecto á educación, hábitos de esforzo e superación que están implícitos no proceso educativo.
- Obrigatoriedade de asistencia ao colexio; tamén de xustificar as ausencias e alteracións horarias.
- Respecto das normas para uso dos espazos do centro.

- Manter unha actitude de colaboración e coordinación co profesorado para a mellora da educación das súas fillas e fillos.
- Manter e transmitir unha actitude positiva e de respecto de cara aos compañeiros/compañeiras, persoal docente e non docente. Trato correcto e respectuoso cara aos profesionais que traballan no Centro e demais familias do alumnado.
- Comunicar no centro calquera información que se considere relevante para o desenvolvemento persoal e escolar do alumno/ alumna.
- Respectar as canles de comunicación establecidas no centro: tempos de atención, xuntanzas de tutoría, comunicacións escritas.
- Colaborar no seguimento das tarefas escolares que deban ser realizadas no ámbito familiar.
- Respectar e inculcar nos seus fillos/fillas o cumprimento das normas do Centro.
- Ser responsable de que os seus fillos/fillas non traian ao colexio ningún obxecto que polo seu valor económico ou pola súa utilidade non sexa axeitado no contexto escolar; en particular aqueles que poidan atentar contra a integridade física dos demais, así coma aparellos electrónicos non autorizados.

C. Respecto do PERSOAL DOCENTE e NON DOCENTE

- Respecto do alumnado en todas as súas dimensións.
- Mantemento dunha actitude correcta e positiva, que sirva de modelo para o alumnado.
- Trato correcto e respectuoso cara aos demais profesionais implicados na educación dos alumnos e alumnas e cara ás súas familias.
- Coordinación e cooperación co resto do profesorado
- Ser modelo no cumprimento das normas básicas de convivencia.
- Coidado e respecto dos materiais e instalacións do centro.
- Puntualidade no inicio das actividades das que cada quen sexa responsable.
- Responsabilidade no cumprimento das tarefas e quendas asignadas.
- Desenvolver unha intervención preventiva que minimize a frecuencia na aparición dos conflitos

5.1 APLICACIÓN DA NORMATIVA

5.1.1 Dereitos e deberes das nais, pais, titoras e titores.	25
5.1.2 Dereitos e deberes do alumnado	26
5.1.3 Dereitos e deberes do profesorado	27
5.1.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos	28

5.1.1 Dereitos e deberes das nais, pais, titoras e titores. *(Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa)*

NAIS, PAIS OU TITORES/AS	
DEREITOS	DEBERES
a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa. b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes. c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes. d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas. e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.	a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes. b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias. c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa. d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas

5.1.2 Dereitos e deberes do alumnado. *(Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa)*

ALUMNADO	
DEREITOS	DEBERES
a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo. a) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais. b) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar. c) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa. d) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.	a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación. b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa. d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente. e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro. f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes. g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe. h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso

5.1.3 Dereitos e deberes do profesorado. *(Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).*

PROFESORADO	
DEREITOS	DEBERES
a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións. b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral. c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado. d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares. e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes. f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa. g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.	a) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro. c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable. e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das

	alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
--	--

5.1.4 Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos.

(Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
DEREITOS	DEBERES
a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións. b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral. c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar. d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións. e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.	a) Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado. d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Ademais das actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, estableceranse medidas dirixidas ao tratamento de situacións de conductas contrarias ás normas de convivencia.

As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia**.

A lei establece unha serie de protocolos relacionados coa tipificación das condutas que interfíren de maneira importante a dinámica e convivencia escolar e os procedementos e medidas necesarias.

Para executalos, é necesario que o profesorado presente nos feitos considerados contrarios ás normas de convivencia, cubra un **parte de incidencias**, de acordo ao *Anexo I*.

5.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA. COMPROMISO DE CONVIVENCIA E CONTRATO

(Os artigos aos que se fai referencia, correspóndense co DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*)

CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER LEVE (artigo 42)

- a. As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa, os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificados e as actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida para ser consideradas de carácter grave ou moi grave.
- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- c. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polo NOFC.
- d. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e. As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro. No caso do CEIP López Ferreiro, serían:
 - A utilización de espazos, material e equipamento do centro sen autorización, ou para outros fins non educativos ou distintos dos autorizados.
 - Prexudicar a limpeza do centro, do transporte escolar (cando se deba facer uso do mesmo) e dos lugares visitados co centro.
 - Deterioro leve, causado de maneira intencionada, das instalacións, material ou das pertenzas de calquera membro.

MEDIDAS CORRECTORAS (artigo 43)

- a. Amoestación privada ou por escrito por parte do profesorado presente.
- b. Realización de traballos específicos en horario lectivo con supervisión do profesorado.
- c. Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitara interrupción no proceso formativo.

RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS (artigo 44)

- A imposición das medidas dos puntos a., b. e c., levaraa a cabo o profesorado da alumna ou alumno que estea presente no momento dos feitos, oído este e dando conta á xefatura de estudos.
- No caso das medidas a., b., c., e d., aplicaraas a titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos,
- A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, será quen execute as medidas previstas nos puntos a., c., d., e. e f.
- A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, serán as persoas responsables da aplicación das medidas previstas nos puntos g. e h. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.
- Estas resolucións son inmediatamente executivas e prescriben ao mes.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER GRAVE (artigo 38)

- a. As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e. As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l. incumprimento das sancións impostas.

MEDIDAS CORRECTORAS ÁS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DE CARÁCTER GRAVE (artigo 39)

- a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c. Cambio de grupo.
- d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f. Cambio de centro.

Aquelas condutas recollidas no punto a., do artigo 38, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e. ou f.

- ❖ A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS DE CARÁCTER GRAVE. *(Prescriben aos 4 meses).*

- Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro. A incoación notificarase á nai/ pai ou á titora/titor, con indicación da conduta que o motiva as correccións que poden corresponder e o nome do docente que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
- No acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción destas medidas comunicarase á familia.
- Finalizada a instrución, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia ás persoas responsables do menor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta.
- Realizado o trámite de audiencia, a dirección do centro ditará resolución motivada e impondrá a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos.
- A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor no prazo máximo de doce días lectivos desde o coñecemento dos feitos e comunicarase á inspección educativa. A resolución da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra esta resolución cabe instar revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos.
- Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

5.3 CIRCUNSTANCIAS ATENUANTES E AGRAVANTES QUE CONCORRAN NO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA.

- Serán consideradas circunstancias atenuantes:

- a) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- b) A reparación espontánea dos danos
- c) A petición pública de excusas, estimadas como suficientes polas persoas afectadas que, en ningún caso, poderá supoñer un acto de humillación cara a alumna ou alumno implicado.
- d) A falta de intencionalidade.
- d) A colaboración para a resolución pacífica do conflito.
- e) O cumprimento dun acordo de mediación polo cal a parte directamente danada dá por solucionado o conflito.

- Serán consideradas circunstancias agravantes:

- a) A premeditación
- b) A reincidencia.
- c) A incitación á realización de calquera acto contrario ás normas de convivencia, xa sexa colectivo ou individual.
- d) Alentar ao dano, inxuria ou ofensa ao alumnado menor idade ou recentemente incorporado ao centro, así como a todos aqueles que se atopen en situación de indefensión.
- f) O incumprimento dun acordo de mediación sobre o mesmo conflito.
- g) O uso inadecuado de medios audiovisuais.
- h) A difusión a través de redes sociais ou outros medios do obtido segundo o apartado g).
- i) A alarma social ocasionada polas condutas perturbadoras da convivencia con especial atención a aqueles actos que presenten características de acoso ou intimidación a outro alumno ou alumna.

5.4. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS

- A. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
- B. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a. Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b. Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c. A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d. Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

5.5. PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS

Como complemento das medidas correctoras, o departamento de orientación elaborará e desenvolverá:

- a. Un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.
- b. Un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado tutor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

5.6 LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA OS RECREOS

Segundo a análise diagnóstica, é neste periodo lectivo cando se producen a maioría dos conflitos no noso centro educativo. Polo tanto, e independentemente da organización dos recreos que se reflectirá na Programación Xeral Anual, propóñense as seguintes liñas de actuación:

- *Evitaranse os xogos violentos que poidan poñer en perigo a integridade física do alumnado.*
- *Todo o alumnado deberá participar nos xogos e deportes sen que se fagan discriminacións.*
- *En caso de que caia algún balón fóra do recinto, comunicáreselle ao profesorado de vixilancia que tomará a medida que lle pareza adecuada.*
- *Manteranse limpos os patios. Utilizaranse as papeleiras, procurando non tirar nada ao chan.*
- *Todo alumno ou alumna lesionado/a, acudirá ao profesorado de garda, quen intervirá valorando a situación e tomando as medidas que considere necesarias.*
- *No caso de conflitos graves, as persoas encargadas da vixilancia actuarán tratando de solucionar o conflito. Desde a dirección do centro, promoveranse actuacións para que o profesorado actúe da mesma maneira e o alumnado saiba a que aterse.*

Estas normas están dirixidas a fomentar a convivencia pacífica, o respecto e a tolerancia aos demais, a desenvolver valores como a empatía e ao uso do diálogo como medio para resolver conflitos fundamentais para crear un bo clima escolar.

O alumnado e persoal de vixilancia deben coñecer unhas medidas comúns de obrigado cumprimento, entre as que estarían:

- *Os xogos de pelota só poderán levarse a cabo nas pistas polideportivas, excepto en educación infantil, ciclo que as poderá utilizar no patio de columnas.*
- *Os xogos de pelota, aínda que deben estar presentes na vida do colexio, non poderán colonizar o patio á hora do recreo.*

- Se se xoga cunha pelota fóra dos espazos establecidos para iso, será retirada. Ademais, perderase o dereito de participar no xogo durante un día; se é reincidente, durante unha semana.
- Se non se xoga de forma pacífica cos/coas compañeiros/as, perderase o dereito de participar no xogo durante un día, se falta é leve; durante unha semana, se a falta é grave.
- Ademais, terán que realizar un traballo sobre o xogo limpo. O traballo entregáraselle á persoa docente que interviu no incidente e impuxo a sanción.
- A falta de responsabilidade e coidado á hora de tratar os materiais de uso común, levará consigo a perda do dereito de uso durante un día; se é reincidente, durante unha semana.
- O persoal de garda anotará as incidencias producidas que considere que deben ter un seguimento.

6. EQUIPOS E CONVIVENCIA ESCOLAR

6.1.1 Composición	37
6.1.2 Funcións	38

6.1 A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constituirase no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar. Velará pola correcta aplicación do disposto no Plan de Convivencia e nas normas do NOFC. Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia da Comisión ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

6.1.1 Composición

Estará integrada por:

- A dirección do centro.
- A persoa que exerza a xefatura de estudos.
- Dous representantes do persoal docente do Consello Escolar.
- Dous representantes de nais ou pais do alumnado do Consello Escolar.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

Un dos pais ou nais será o membro do Consello designado pola Asociación de Nais e Pais do alumnado do centro.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento do persoal do Departamento de Orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do Concello ou doutros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Anualmente, a comezos de cada curso, o Consello Escolar do centro revisará a composición desta comisión, actualizando ou renovando no seu caso, aqueles membros que sexan necesarios, procurando unha igualdade entre homes e mulleres na súa constitución.

6.1.2 Funcións

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

6.2 FUNCÍONS DOUTROS EQUIPOS QUE FACILITEN A CONVIVENCIA ENTRE OS DIFERENTES SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

6.2.1 Equipo directivo	39
6.2.2 Persoa dinamizadora de benestar e protección	41
6.2.3 Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica en materia de convivencia escolar	43
6.2.4 Funcións dos equipos docentes	44
6.2.5 Claustro do profesorado	44
6.2.6 Consello escolar do centro	45

6.2.1 Equipo directivo

Segundo o punto 1 do artigo 131 da LOMLOE correspóndelle á dirección dos centros educativos *conxugar a responsabilidade institucional da xestión do centro como organización, a xestión administrativa, a xestión de recursos e o liderado e dinamización pedagóxica, desde un enfoque colaborativo, buscando o equilibrio entre tarefas administrativas e pedagóxicas.*

No artigo 132 explícanse as competencias da dirección do centro. En función destas, hase de velar para que:

- Se establezan mecanismos, que se reflectirán na PXA, para dirixir e coordinar todas as actividades do centro en materia de convivencia, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar.
- Se promova a innovación educativa mediante o impulso colaborativo de diferentes plans para a consecución das finalidades do proxecto educativo do centro, velando pola efectiva promoción da igualdade entre homes e mulleres .

- Se difundan entre a comunidade educativa os documentos organizativos do Centro para o seu coñecemento xeral, e así garantir que se fagan cumprir as normas que rexen a actividade de todo o persoal adscrito ao centro.
- Se establezan mecanismos para favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas correctoras que correspondan ás alumnas e aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 da LOMLOE. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- Se impulse a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro coa contorna, e fomenten un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores do alumnado. Para isto, promoveranse tamén as reformas arquitectónicas necesarias.
- Se promovan as avaliacións internas do centro e se colabore nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado. Todo isto como un medio de coñecemento das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas da práctica educativa do centro.
- Se fagan cumprir os acordos adoptados tanto a nivel de Claustro do profesorado como do Consello Escolar e mesmo da Comisión da Convivencia.
- Se organicen mecanismos para un efectivo cumprimento do Protocolo de Protección de datos.
- Se fomente a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.
- Se fagan cumprir calquera outras iniciativas que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

Ademais, **segundo o punto 5 do artigo 124 da LOMLOE**, *as Administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade. As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de*

actuación existentes, así como da execución e o seguimento das actuacións previstas nos mesmos. En todo caso deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas.

Polo tanto, e tendo en conta o anterior, ademais do establecido será **función da dirección do centro**:

- Establecer os mecanismos para a difusión dos protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia.
- Acordar no Consello Escolar os requisitos para o nomeamento da persoa coordinadora de benestar e protección, así como o establecemento das súas funcións de acordo á lexislación vixente.
- Informar á comunidade educativa da execución e o seguimento das actuacións previstas nos diferentes protocolos, garantindo sempre os dereitos das persoas afectadas.
- De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, consonte ao artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

Á **xefatura de estudos** correspóndenlle as seguintes funcións en materia de convivencia:

- Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de convivencia do centro.
- Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade.
- Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

6.2.2 Persoa dinamizadora de benestar e protección

Segundo o artigo 35 da Lei Orgánica 8/2021, todos os centros deberán contar cunha persoa coordinadora de benestar e protección. De acordo á Orde do 23 de agosto de 2023, será nomeada pola dirección do centro e actuará baixo a súa supervisión.

O seu plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual e as súas funcións serán as seguintes:

a) *En coordinación co equipo directivo:*

Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

6.2.3 Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica en materia de convivencia escolar

A súa composición vén regulada no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Correspóndelle velar pola coherencia na ordenación dos aspectos de desenvolvemento do currículo entre os órganos de coordinación docente, tanto no centro como con outras institucións educativas.

Así pois, a actuación deste órgano será fundamental na prevención de dificultades de aprendizaxe que poden derivar en problemas de convivencia entre a nosa comunidade escolar. Deste xeito serán funcións desta Comisión de Convivencia:

- Aprobar o agrupamento heteroxéneo do alumnado en 1º, 3º e 5º de educación primaria, a proposta da xefatura de estudos e do departamento de orientación e de acordo as directrices establecidas nas NOFC.
- Supervisar a realización dos plans de acollida presentes no Plan de Acción Titorial.
- Coordinar os diferentes plans e programas, aprobados polo Claustro e o Consello Escolar, que se desenvolvan no centro, para que haxa unha coherencia entre o Proxecto Educativo do Centro, os proxectos curriculares de etapa e a Programación Xeral Anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das propostas didácticas, a súa avaliación e os reaxustes necesarios en función dos resultados.
- Favorecer a formación continua do profesorado en función das necesidades detectadas.

6.2.4 Funcións dos equipos docentes

Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.

En todo caso, as medidas e os acordos do parágrafo anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a Programación Xeral Anual.

6.2.5 Claustro do profesorado

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- Realizar propostas para a elaboración do Plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo no desenvolvemento do Plan de convivencia.

- Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

6.2.6 Consello escolar do centro

O consello escolar do centro educativo, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes:

- Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos

7. ESPAZOS DINAMIZADORES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

7.1 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	45
7.2 AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA.....	47
7.3 PATIOS PARTICIPATIVOS E FACILITADORES	48

Calquera espazo do centro educativo ha de considerarse un lugar no que a convivencia ten que desenvolverse respectando as normas establecidas. Con todo, é nas **aulas** onde se deben potenciar e desenvolver, a partir da reflexión, diferentes estratexias facilitadoras que se indican no punto 8.

7.1 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Para levar a cabo as medidas correctoras terase en conta a Lei 4/2011 de 30 xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e o Decreto 8/2015, que a

desenvolve e a Orde de 8 de setembro de 2021.

No noso centro está habilitada, na planta baixa do edificio, unha aula de convivencia inclusiva (artigo 19.3 da Lei 4/2011), que ten como misión substituír o tempo de expulsión do alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, estivese privado temporalmente do seu dereito de asistencia ao centro. Preténdese tamén que se poida reincorporar á súa aula no menor tempo posible, tal como se recolle na norma.

Con todo, dadas as características do alumnado de PT e de AL que acode tamén a esa zona, considérase que para rematar de perfilar a aula necesitamos contar cun espazo adecuado; este definirase anualmente dentro da PXA, xa que as necesidades espaciais do propio centro varían.

Xestión da aula de convivencia inclusiva e persoal encargado:

- A dirección do centro é o órgano competente para “ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras”, ao ser o noso alumnado menor de idade (artigo 25.3 do Decreto 8/2015).
- As actuacións que se desenvolvan aplicaranse en colaboración co profesorado tutor e especialista e, se fose preciso, cos servizos sociais. Sempre se tentará implicar as familias e o resto do profesorado para acadar as accións propostas.
- Os criterios para a atención ao alumnado nesta aula e as actuacións que se leven a cabo terán en conta os criterios pedagóxicos que se establezan na CCP.
- Esta aula contará co apoio de docentes e formación específica (procurarase establecer ao principio de curso unha proposta de formación para todo o claustro). O profesorado atenderá ao alumnado dentro do seu horario regular de permanencia no centro, podendo establecerse un calendario de atención e, aínda que se poida contar coa colaboración do departamento de orientación, será o profesorado encargado da aula quen supervise as medidas de actuación propostas para o alumnado.
- O departamento de orientación programará as actuacións favorecedoras da reflexión, do diálogo e da xestión emocional. Ademais levará a cabo, como complemento das medidas correctoras, un programa de habilidades sociais para o alumnado que se vexa privado temporalmente do seu dereito a asistir ao centro.

- A aula de convivencia inclusiva do noso centro permanecerá aberta toda a mañá, de ser preciso, e estarán establecidos os horarios de asistencia ao igual que os outros horarios de garda.
- Contará con poucos materiais pero que inviten á calma, especialmente sensoriais.

7.2 AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA

No CEIP de Prácticas López Ferreiro, a aula de convivencia inclusiva compartirá espazo coa aula de atención educativa e convivencia (artigo 47 da Orde de 8 de setembro de 2021), á que nós denominamos, ***aula de espazo calmo***.

Nela atenderase o alumnado que, “pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase”.

A finalidade deste espazo, que será utilizado en momentos puntuais (formato “tempo fóra”) é a de reconducir situacións e condutas de alteración do comportamento graves contrarias ás normas de convivencia que se produzan nas aulas e entorpezan seriamente ou impidan o desenvolvemento das clases para o alumnado implicado e ao mesmo tempo colaborar na súa eliminación e na instauración das alternativas máis adecuadas. Polo tanto, ábrese a posibilidade de que en certos espazos do centro se habiliten tamén espazos calmos, cuxos obxectivos serían os seguintes:

- Complementar as actuacións establecidas na normativa que nos rexe e nas NOFC en relación con condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Conseguir que se estabilice emocionalmente o alumnado obxecto de atención.
- Facilitar a incorporación do alumnado á súa aula no menor tempo posible.
- Instaurar condutas acordes coas normas de convivencia do centro.

Profesionais responsables e espazos vinculados

Este servizo desenvolverase mediante a intervención de profesorado asignado no momento para este fin. Os alumnos e as alumnas que se deriven a este espazo deberán levar as tarefas que lle remita o profesorado titor/especialista e que deberá realizar no tempo da súa permanencia nela, que *“non excederá do tempo que dure a sesión lectiva na que se producise a conduta inadecuada”* (artigo 47 da Orde de 8 de setembro de 2021). O profesorado deberá contar, previamente, con propostas de traballo elaboradas por se

se precisaren.

O espazo calmo, a alternativa máis idónea que consideramos para reconducir as condutas inadecuadas, estará organizado e dotado ademais de materiais específicos favorecedores da indución á relaxación e a unha actitude positiva, co obxectivo de facilitar a volta á calma.

Procedemento de actuación

- Darase información ao alumnado da existencia deste espazo calmo, de xeito que comprendan a razón de que, nalgúns situacións de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia positiva na aula correspondente, poderán ausentarse da mesma, xunto a un ou unha docente.
- Diante dunha situación na que un neno ou nena presente un episodio de alteración que precise atención e uso deste espazo, a/o profesional que estea co alumnado comunicarllo á xefatura de estudos para que organice a atención do mesmo e designe á persoa que asumirá a intervención. Segundo o caso será a titora/titor ou o profesorado de garda. No caso de que durante unha intervención deste tipo se produza un cambio no horario que implique tamén un cambio da persoa responsable na actuación, a xefatura de estudos valorará o seu relevo.
- Nestes casos tamén, e como complemento a esta medida, o departamento de orientación levará a cabo, un programa de habilidades sociais para este alumnado.

A profesora ou profesor que recibe o neno ou a nena realizará tarefas de acompañamento e de escoita na procura de conseguir o estado de volta á calma que permita o desenvolvemento da tarefa que se encomendou e, sobre todo, a súa reincorporación de maneira satisfactoria. A incorporación ao espazo calmo non obsta para que se apliquen medidas correctoras doutra índole.

7.3 PATIOS PARTICIPATIVOS E FACILITADORES

(Esta proposta está baseada no libro “Patios y parques dinámicos” de Gey Lagar).

Hai que artellar mecanismos para que ninguén se sinta excluída/o no patio escolar e que sexa un momento de lecer, non unha fonte de conflitos como o demostra a análise diagnóstica.

Para a súa posta en marcha, conviría nomear unha *Comisión de patios* que dinamizara esta parte do centro mediante alumnado axudante, proposta de xogos, organización das súas normas e mesmo, de ser o caso, deseño de zonas naturais.

O obxectivo é a mellora do xogo no tempo do recreo, fomentando que todo o alumnado participe gozando e aprendendo a resolver os conflitos de forma pacífica. Partindo dunha análise do patio, hai que establecer accións para acadar un xogo:

- Inclusivo (apto para todas e todos, atendendo á diversidade).
- Coeducativo (para nenas e nenos).
- Social (que permita xerar interaccións e habilidades sociais)
- Libre (non se debe obrigar, liberdade para xogar)
- Cooperativo (os xogos non deben ser competitivos; mellor cooperativos para xerar un tempo de xogo continuo).
- Creativo (pártese dos xogos tradicionais pero cun toque persoal e relacionados cos personaxes actuais).
- Activo (pero con sentido, a actividade organizada de forma coherente fai que o xogo flúa).

Para coñecer as pautas sobre a súa implementación remitimos ao *anexo II*.

8. PROGRAMAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA

8.1 PRINCIPIOS COMÚNS	49
8.2 ASEMBLEAS DE AULA	50
8.3 FALADOIROS SOBRE IGUALDADE E BO TRATO	51
8.4 MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS	52
8.5 TITORÍA COMPARTIDA	53
8.6 PRÁCTICAS RESTAURATIVAS	54

8.1 PRINCIPIOS COMÚNS

Coa finalidade de previr os conflitos e mellorar a convivencia entre a nosa comunidade educativa, hanse de programar tempos para desenvolver as seguintes medidas:

- Favorecer plans de formación do profesorado nos estudos do GROP (Grupo de Investigación en Orientación Psicopedagóxica), de disciplina positiva, para crear culturas de paz.
- Seguir o programa de habilidades sociais, elaborado polo departamento de orientación.
- Traballar nas aulas habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento, que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.
- Educar para as relacións interpersoais igualitarias, baseadas na valoración mutua e no respecto.
- Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.
- Formar comisións de alumnas/os para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo, axudantes da biblioteca, equipos do ecohorto...
- Facilitar ao alumnado canles para que as súas propostas sexan tidas en conta na organización xeral do centro.
- Desenvolver nas titorías actividades enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Facer titorías grupais proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...

Para desenvolver as propostas anteriores, propóñense os seguintes programas:

8.2 ASEMBLEAS DE AULA

A asemblea de aula ten que empregarse en todas as etapas educativas, se ben a súa metodoloxía, obxectivos e o rol da persoa docente variarán en función da idade do alumnado.

A) Obxectivos das asembleas.

- Abordar os asuntos ou problemas que afectan o grupo clase desde un enfoque de participación democrática, no que profesorado e alumnado dialogan sobre todo tipo de asuntos que afectan á vida do grupo.
- Establecer espazos e tempos nos que cada persoa poida expresar libremente as súas opinións, ideas, desexos, propostas...

- Aprender a respectar as decisións que se toman de forma democrática, por consenso ou votación.
- Favorecer a cooperación do grupo, a comunicación, a confianza e a cohesión.

B) Programa indicado para:

- Tratar todos os asuntos de carácter colectivo que afecten ao grupo (académicos, normas de clase, asuntos lúdicos...).
- Planificación de proxectos ou actividades.
- Solución de conflitos de grupo.
- Toma de decisións consensuadas (establecer obxectivos ou axendas comúns, poñer normas...).
- Seguimiento e análise de acordos.

Unha asemblea de aula non é adecuada, pola contra, para tratar asuntos que afecten a un/a alumno/a ou grupo de alumnos/as exclusivamente, a non ser que a persoa docente así o considere en función das características do grupo.

8.3 FALADOIROS SOBRE IGUALDADE E BO TRATO

Esta proposta pode desenvolverse nas aulas, dende Infantil ata 6º de Primaria, ou realizarse periodicamente por niveis (a través da coordinación entre o EDLG e a persoa encargada de *impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres*). A finalidade é traballar a coeducación emocional dende a perspectiva de xénero, para que o alumnado acade un desenvolvemento integral e equilibrado.

A) Obxectivos dos faladoiros sobre igualdade e bo trato.

- Establecer espazos e tempos para dialogar e compartir ideas e opinións.
- Comprender o significado de conceptos básicos como: igualdade, solidariedade, participación, compromiso, empatía...
- Propiciar, segundo as idades, o desenvolvemento de habilidades básicas e complexas.
- Achegarse aos dereitos e deberes establecidos na nosa sociedade.
- Favorecer a cohesión grupal, a comunicación construtiva e o respecto.

B) Programa indicado para:

- Promover a capacidade de comunicación verbal e non verbal de xeito positivo.
- Entender a importancia das relacións igualitarias e saudables.

- Desenvolver habilidades básicas que propicien o bo trato: escoita activa, aceptación da diferenza...
- Impulsar actitudes de aprecio e recoñecemento dos sentimentos, calidades, dereitos e deberes propios e das e dos demais.
- Realizar dinámicas de cohesión grupal.

8.4 MEDIACIÓN ENTRE IGUAIS

Segundo a diagnose da convivencia, un dos problemas máis observados son os desacordos que entre as alumnas e alumnos se manifestan. Para resolvelos, a mediación entre iguais preséntase como un recurso no que o alumnado se amosa máis disposto a solicitar axuda a nenas e nenos con inquietudes similares antes que a unha persoa adulta.

A mediación entre iguais é un tipo de axuda que tenta que o alumnado resolva, coa supervisión de profesorado responsable, os conflitos. É un proceso para transformar conflitos, para restaurar relacións rotas e mellorar a convivencia. Pode iniciarse desde as idades máis temperás como unha dinámica de aula na resolución dos conflitos, pero polas características do diálogo que esixe para chegar a un acordo, considérase que un equipo de mediación entre iguais debe formarse a partir de 4º, 5º e 6º.

A) Obxectivos da mediación entre iguais.

- Fomentar a visión globalizada do centro onde a convivencia non pode estar á marxe da opción cooperativa onde todos somos importantes.
- Favorecer a participación directa do alumnado na resolución de conflitos da escola, desenvolvendo as habilidades sociais das persoas mediadas e das mediadoras.
- Crear canles de comunicación e de coñecemento mutuo entre educadores e educadoras e alumnado, mellorando a autoestima de todos os e as participantes no programa.
- Incrementar os valores de cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da comunidade.

B) Programa indicado para:

- Resolver desacordos entre alumnado por xogos, tarefas, ocupación de espazos...

- Xestionar ante problemas que poidan interferir no normal desenvolvemento das clases.
- Non son mediables conflitos moi graves.

A composición do Equipo de mediación e o proceso, expóñense no *anexo III*.

8.5 TITORÍA COMPARTIDA

Estratexia de acción titorial adaptada, dirixida ao alumnado con problemas de disfuncións na convivencia, desde unha intervención continuada mediante técnicas de orientación persoal, familiar, social e académica.

A) Obxectivos

- Abordar os problemas de conduta e comportamento desde unha perspectiva na que prime máis o proceso de xestión do conflito que a aplicación de correccións, diminuindo así as condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Lograr a implicación de toda a comunidade educativa nos casos derivados do alumnado con déficit de atención, aprendizaxe ou integración socio-afectiva.
- Implicar ás familias no recoñecemento, análise e solución de problemas de conduta, integrándoas na dinámica do centro.
- Dar resposta educativa ao alumnado con actitudes de rexeitamento escolar, integrándoo na dinámica docente normalizada.
- Beneficiar ao resto do alumnado na súa marcha académica e o seu desenvolvemento socio-afectivo a través das dinámicas positivas que se xeran.
- Descargar de tarefas ao titor ou titora.
- Mellorar o clima da aula.

B) Programa indicado para:

- Alumnado que non pode seguir o normal desenvolvemento do currículo pola súa actitude.
- Alumnado con baixo grao de disciplina.
- Alumnado con problemas de atención e aprendizaxe.
- Alumnado con dificultades para a súa integración escolar.

Quen sería o persoal implicado para desenvolver esta estratexia e as súas funcións aparecen no *anexo IV*.

8.6 PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

As prácticas restaurativas fan fincapé na preparación para os conflitos e construción de relacións, poden mellorar os sentimentos de boa vontade, eliminar a necesidade de resolver os conflitos de forma punitiva e reducir o número de membros que se marchan debido a un conflito irresoluble. No anexo V, aparecen os puntos principais para desenvolverlas.

A) Obxectivos:

- Identificar as necesidades no establecemento de regras ou contratos de aprendizaxe e o principio restaurativo de desenvolverlas en colaboración.
- Detectar necesidades persoais e profesionais cando traballamos con outras persoas.
- Desenvolver empatía cara ao que necesitan os compañeiros e compañeiras ou outras persoas participantes dun grupo.
- Expor maneiras de satisfacer as necesidades como equipo ou grupo, observando a relación entre as necesidades non satisfeitas e o sufrimento que isto pode causar.
- Destacar que é diferente falar de “mal comportamento” ou de “comportamento que ten un impacto negativo nas demais persoas”.

B) Programa indicado para:

- Procurar a resolución de conflitos a nivel de aula.
- Tratar noticias repentinas que poden producirse no contexto escolar.
- Formar opinión sobre algo que é necesario comentar.
- Resolver conflitos entre persoas adultas.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN PARA DESENVOLVER O PLAN DE CONVIVENCIA

9.1 A nivel interno no centro	56
9.2 Coas familias	58
9.3 Con outras institucións e coa contorna	60

Trátase de crear un clima de confianza, traballo e colaboración entre a comunidade educativa, establecendo uns principios para que a educación emocional desde unha perspectiva de xénero estea presente nas nosas accións... E fomentando sempre unha comunicación bidireccional, baseada no bo trato para que a mensaxe sexa efectiva.

9.1 A nivel interno no centro

ACCIÓN	AXENTES	RECURSOS	INDICADOR
Seguimento dos programas de intervención en coeducación emocional que permitan revisar os materiais e as propostas metodolóxicas na formación de identidades.	Equipos docentes, departamento de orientación, CCP.	Plan de Igualdade e Portal de Igualdade.	Proposta na PXA e avaliación do realizado na memoria final.
Revisión de materiais e propostas metodolóxicas para que os afectos e as emocións estean presentes na construción da autonomía persoal.	Claustro e equipos docentes. Entidades colaboradoras (<i>Agareso, Escolas sen violencia, Asemblea de Cooperación pola Paz...</i>)	Biblioteca escolar. Reunións por titorías para desenvolver un <i>Plan de habilidades sociais</i> .	Desenvolvemento de, polo menos, unha proposta por nivel ou ciclo e elaboración de novos materiais libres de estereotipos.
Revisión de normas no NOF para incidir na igualdade efectiva e na non violencia.	Equipo directivo. CCP. Claustro e consello Escolar.	Adaptación das normas para impedir calquera discriminación por crenza, orientación sexual, misoxinia ou xenofobia.	Aprobación polo Claustro e polo Consello Escolar.
Incorporación progresiva de estratexias STEAM, da gamificación, da aprendizaxe baseada en problemas ou proxectos..., aos distintos ámbitos de aprendizaxe que incorporen unha metodoloxía inclusiva .	Equipo directivo. Equipos docentes.	Programación de horarios para un uso de espazos e tempos segundo as características de certos proxectos.	Indicación nas programacións da metodoloxía e tipoloxía de actividades STEAM a realizar.

Potenciación dunha efectiva comunicación entre os diferentes equipos para evitar solapamentos na programación de actividades.	CCP Reunión coordinación equipos docentes.	Programación na PXA e reunións trimestrais para axustar as propostas.	Análise e valoración dos resultados nas memorias de cada Equipo.
Potenciación do “Espazo Calmo”, da aula e do centro, para ofrecer ao alumnado estratexias de conciencia, regulación e autonomía emocional, así como competencias sociais para a vida e o benestar.	Equipo directivo. Comisión de convivencia.	Habilitación dun espazo do centro para o “espazo calmo”. Creación de recunchos calmos dentro das aulas que desexen poñer en práctica a iniciativa.	Análise e valoración dos dos resultados.
Coordinación de actuacións de PT, AL e titorías.	Xefatura de estudos e departamento de orientación. CCP.	Avaliación inicial das titorías e reunións da CCP.	Normas de coordinación PT, AL e aulas.
Coordinación de actuacións entre as etapas de educación infantil e primaria.	CCP e equipos docentes.	Reunións periódicas.	Análise e valoración dos dos resultados.
Dotación de material manipulativo e tecnolóxico para a plena inclusión do alumnado.	Dirección. Departamento de Orientación. Equipo TIC e biblioteca.	Dispositivos con aplicacións para o desenvolvemento das competencias.	Observación do uso e avaliación dos resultados.
Fomento da participación do alumnado na resolución de conflitos.	Equipo de benestar emocional. Equipo directivo. Equipo de mediación entre iguais. Comisión de patios inclusivos	Posta en práctica dun programa de <i>Mediación entre iguais</i> entre o alumnado. Alumnado axudante.	Análise e valoración dos dos resultados pola Comisión de Convivencia.

Promoción de xogos e deportes colectivos que fomenten a cooperación, fóra dos estereotipos dos medios de comunicación.	Dirección. CCP. Comisión patios inclusivos.	Calendario para a organización de xogos inclusivos durante os recreos e as celebracións do centro.	Avaliación dos resultados entre o profesorado e o alumnado.
Dinamización de prácticas de aprendizaxe servizo como un medio para a reflexión e a análise crítica entre o noso alumnado.	Dirección. Equipo de actividades complementarias e extraescolares. Equipo de benestar emocional.	Ecoauditorías. Mercadiños solidarios. Gardiáns dos patios. Cibermanagers.	Unha práctica en cada ciclo.
Revisión e actualización do Plan de Convivencia cada curso escolar.	Equipo directivo, Claustro e CCP.	Reunións do Equipo directivo, Claustro e CCP.	Memoria de cada curso escolar. Aprobación polo Claustro e Consello Escolar.
Redacción dun Plan de Comunicación do Centro para reforzar as redes de comunicación coa comunidade educativa.	Equipo directivo, Claustro, CCP e ANPA.	Medios impresos, dixitais, reunións.	Aprobación do Plan.

9.2 Coas familias

ACCIÓN	AXENTES	RECURSOS	INDICADOR
Difusión de boletíns informativos sobre as principais normas de convivencia a inicios de curso ou na incorporación de novo alumnado.	Equipo directivo.	NOFC, Plan de convivencia e Plan de acollida.	Difusión.
	Claustro e familias.	PXA.	Reunións e rexistros das mesmas.

Establecemento de horarios para reunións a nivel de grupo, ou individuais, para informar ás familias sobre habilidades emocionais das súas fillas e dos seus fillos.			
Entrevistas iniciais con alumnado que se incorpore ao longo do curso.	Equipo directivo, departamento de orientación e persoal titor.	NOFC e Plan de Convivencia.	Reunións e rexistros das mesmas
Información ás familias sobre os diferentes Protocolos.	Equipo directivo.	Páxina web do centro.	Difusión.
Establecemento dun calendario estable de reunións coa ANPA, máis alá do consello escolar.	Equipo directivo. ANPA.	Reunións.	Actas dos temas tratados. Execución dos acordos.
Consolidación das ENAPAS sobre diferentes aspectos de convivencia (uso e abuso das novas tecnoloxías, educación afectivo-sexual, trastornos emocionais...)	Equipo directivo, familias e ANPA.	Asesoría do CAFI e outras institucións	Evolución do programa.
Potenciación de programas fóra do horario lectivo que propicien a interacción coas familias.	Equipo da biblioteca, CCP, ANPA e institucións relacionadas.	Plan Proxecta. Contratos programa Equipo de dinamización da biblioteca.	Posta en marcha dos programas e análise dos resultados nas memorias.
	Secretaría.		Publicacións.

Dinamización da páxina web, dos blogs do centro e doutras redes sociais para a promoción das nosas actividades e favorecer o sentimento de pertenza a unha colectividade.	Equipos docentes e equipos de dinamización.	Nomeamento dunha persoa coordinadora para a actualización das páxinas webs do centro.	
---	---	---	--

9.3 Con outras institucións e coa contorna

ACCIÓN	AXENTES	RECURSOS	INDICADOR
Seguimento de xornadas de formación sobre as problemáticas de determinado alumnado.	Dirección. Institucións (COGAMI, Asociación Down, ONCE, AGADEA, ANEDIA, centros específicos...)	Reunións formativas para o profesorado. Propostas didácticas para o alumnado.	Autoavaliacións.
Colaboración cos Servizos Sociais do Concello tan pronto como se detecte unha necesidade.	Departamento de orientación. Dirección. Familias.	Reunións periódicas cos Servizos Sociais do Concello.	Seguimento dos diferentes casos.
Colaboración co Concello e a Consellería para o mantemento e deseño de espazos que faciliten unha convivencia integradora e inclusiva e a creación de ambientes de traballo máis eficientes e agradables: accesibilidade,	Dirección. Servizos correspondentes do Concello e da Consellería de Educación.	Realización das obras.	Observación e informes sobre o realizado.

pintado de paredes, acondicionamento de patios, baixada de teitos, axeitada limpeza...			
Programación de actividades conxuntas coa Universidade, biblioteca Ánxel Casal e outros centros da contorna para favorecer as interacción e as habilidades sociais do noso alumnado.	Equipo directivo. Equipos de dinamización. Institucións e centros.	Visitas, reunións, concursos, actividades conxuntas... .	Programación de actividades na PXA, e avaliación das mesmas na memoria final de cada curso.
Visitas a institucións próximas, aos centros adscritos e Xornadas de portas abertas.	Dirección, departamento de orientación, equipos docentes, institucións e centros.	Reunións coas familias, visitas, salón de actos e medios dixitais.	Realización das visitas e celebración das xornadas.

10. DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia, así como as Normas de Organización e Funcionamento que contén, son de obrigado cumprimento por todos os membros da comunidade educativa e por todas as persoas que, dun xeito ou doutro, compartan instalacións, tempos e lugares comúns no CEIP de Prácticas López Ferreiro en calquera horario ou momento.

Estará colgado na páxina web do colexio, así como impreso e custodiado na secretaría do centro para o libre acceso de todos os membros da comunidade educativa.

Coas partes esenciais do mesmo, realizaranse infografías para cada clase, así como folletos e guías para distribuír entre a nosa comunidade educativa.

11. MECANISMOS E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Todo o anterior, definirase de acordo ás seguintes actuacións:

Temporalización	Accións	Axentes	Documentos organizativos.
Primeiro mes de curso.	Definición das actuacións e ou programas a seguir durante o curso.	Equipo directivo. Equipo de orientación. Equipos docentes. Comisión de convivencia. Consello Escolar.	Programacións de ciclos. PXA.
Durante todo o curso.	Seguimento do establecido e establecemento dos reaxustes necesarios.	CCP Equipos docentes. Comisión de Convivencia. Consello Escollor	Reaxustes nas programacións.
Último mes de curso	Valoración do realizado e propostas de mellora.	Equipo directivo. Equipos docentes. Comisión de Convivencia. Consello Escollor.	Memoria da Comisión de convivencia, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. Memoria do centro.

Durante todo este proceso, e na avaliación final, poderán pasarse **enquisas** á comunidade educativa para observar o grao de cumprimento.

Tanto estas, como outras que se fagan para coñecer o estado xeral ou un determinado aspecto de funcionamento do centro, han de aterse aos principios que máis abaixo se expoñen e dos que se informará ás persoas participantes:

- Quen vai ser a persoa, ou entidade, responsable de tratar eses datos.
- As finalidades para as que se van utilizar.
- Medidas de seguridade para garantir o anonimato.
- Nas preguntas de resposta aberta, deberá indicarse que aplicación, código ou sistema se empregará para sistematizar as conclusións. No caso de que se expoña unha transcripción literal das respostas, tamén deberá notificarse.
- Prazo de conservación dos datos.
- Se eses datos van cederse con outra fin que non sexa a estritamente educativa.

12. PROTOCOLOS A SEGUIR

Protocolo de acoso escolar e ciberacoso	64
Protocolo de absentismo.....	65
Maltrato infantil	66
Risco suicida	67
Violencia de xénero	68
Garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero	69
Problemas de conduta	70
Atención ao alumnado con enfermidades longas ou crónicas.....	71
Protección de datos.....	72
OUTROS PROTOCOLOS (diversidade e orientación)	73

- Hase de seguir estritamente o establecido nos diferentes Protocolos da Consellería de Cultura, Educación, Universidades e Formación Profesional.

Non obstante, para clarificar os diferentes pasos, expóñense estes de forma esquematizada:

PASOS A SEGUIR NO PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

CRITERIOS IDENTIFICATIVOS:

- Intención de facer dano.
- Repetición das condutas.
- Duración no tempo.
- No ciberacoso: realizarse a través das TIC

PECULIARIDADES DO CIBERACOSO:

- Conservación das probas.
- Identificar posibles persoas agresoras.
- Contactar coa compañía que distribúe os servizos para conseguir a información.
- Denunciar se é preciso.

Fases. (IMPRESINDIBLE LEVANTAR ACTA EN TODAS AS REUNIÓN)

1

1. Comunicación da situación.
2. Medidas urxentes de protección.
3. Designación dunha persoa responsable de atención á presunta vítima.
4. Comunicación ás familias implicadas.
5. Designación dunha persoa para averiguacións.

3 días para a incoación do expediente e 2 días para as averiguacións.
Axente implicado: dirección.

2

1. Recollida de información.
2. Entrevista coa vítima.*
3. Entrevista coa/s persoa/s acosadora/s.*
4. Entrevista coa/s persoa/s observadora/s
5. Entrevista coas familias.
6. Designación dunha persoa para averiguacións.

*No caso de menores de idade, estrá presente a familia ou adulto.
A dirección do centro designará unha persoa para realizar este proceso.

3

1. Comunicación á dirección do centro da información para valorar se hai ou non acoso.
2. Se se abre expediente, a dirección notificarao a:
 - Alumnado implicado e familias.
 - Inspección educativa.
 - Persoas titoras do alumnado implicado.
3. Haxa ou non incoación de expediente, pódense adoptar medidas educativas.*
4. Se hai expediente:
 - Ábrese procedemento corrector (Decreto 8/2015).
 - Medidas reeducadoras complementarias.

*Axentes implicados: dirección, departamento de orientación e comisión de convivencia.

4

1. Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.*

*Axentes implicados: dirección e responsable designado para o proceso.

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16b464128c0bc955268746343e9ddbc.pdf

PASOS A SEGUIR NO PROTOCOLO DE ABSENTISMO

QUE É O ABSENTISMO: ausencia ao centro sen causa xustificada.

CANDO SE CONSIDERA ABSENTISMO: ausencia dun mínimo do 10% do horario lectivo mensual.

COMO SE REALIZA O CONTROL DAS FALTAS: diariamente por parte da persoa docente da área.

Fases. (IMPRESINDIBLE LEVANTAR ACTA EN TODAS AS REUNIÓN

- 1**
 - A persoa titora verifica que as faltas supoñen un 10% do horario lectivo mensual
 - Proponse, co visto e prace da dirección, a apertura do expediente, dentro dos sete primeiros días naturais nos que as faltas supoñan ese 10%..
- 2**
 - Recollida de información por parte da xefatura de estudos.
- 3**
 - A persoa titora convoca á familia a unha entrevista para resolver a situación
 - Se a situación se reconduce, arquívase o expediente..
- 4**
 - A xefatura de estudos convoca á familia ou responsables da/do menor para resolver a situación
 - Se a situación se reconduce, arquívase o expediente..
- 5**
 - A dirección notificará a listaxe e o rexistro de incumprimento á Inspección educativa e aos Servizos Sociais do Concello.
 - Prazo: 30 días naturais desde a apertura do expediente.

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/af9923c775126876c57251c98ec20e0d.pdf

MALTRATO INFANTIL

1. Tipos de maltrato.

- **Físico:** acción non accidental á/ao menor que lle provoque dano físico ou enfermidade, ou a/o sitúe en grave risco de padecelo.
- **Abandono físico ou negligencia:** as necesidades básicas do/da menor non son atendidas temporal ou permanentemente por ningún membro adulto do grupo co que convive.
- **Maltrato emocional:** hostilidade verbal crónica por parte de calquera membro adulto do grupo familiar co que convive.
- **Abandono emocional:** falta persistente de resposta por parte das persoas responsables da/do menor, a certos sinais ou expresións emocionais (pranto, sorriso, ...) ou aos intentos de aproximación, interacción ou contacto.
- **Abuso sexual:** calquera clase de contacto sexual cun/ha menor de 18 anos por parte dun familiar/titor adulto desde unha posición de poder ou autoridade sobre o/a menor.
- **Abandono:** quen ten a custodia legal do/a neno/a ou, en ausencia desta, a responsable do seu benestar, aínda tendo a posibilidade, rexeita total ou deliberadamente as obrigas parentais.
- **Explotación laboral:** as familias ou persoas titoras asignan con carácter obrigatorio á/ó neno/a a realización de traballos (domésticos ou non) que exceden os límites do habitual no contexto socio-cultural da/do menor.
- **Corrupción:** condutas que impiden a normal integración do/a neno/a e reforzan pautas de conducta antisocial ou desviadas, especialmente na área da agresividade, sexualidade e drogas.
- **Maltrato prenatal:** consumo de drogas ou alcohol durante o embarazo, que provocan alteracións ou síntomas derivados do seu consumo.
- **Síndrome de Munchausen:** o pai / nai /titor somete o/a neno/a a continuos ingresos e exames médicos, alegando síntomas físicos patolóxicos ficticios, ou xerados de xeito activo polo propio pai /nai.

2. INDICADORES DE MALTRATO.

- Atraso no desenvolvemento intelectual non atribuíble claramente a outras causas.
- Atraso no crecemento, raquitismo, desnutrición, dermatite de cueiro, suciedade.
- Trastornos no comportamento sexual.
- Vómito e rexeitamento sistemático dos alimentos adecuados á idade.
- Ausencia de vacinacións e atención sanitaria básica.
- Fame desmesurada, tristeza intensa, mutismo, medo, indiferencia e inexpressión.
- Falta de reacción ante os estímulos exteriores.
- Indiferencia e illamento agudos respecto dos outros compañeiros.
- Actitude defensiva e temerosa ante os adultos.

* A presenza destes indicadores non proba que exista ou existira o maltrato. Non obstante, en caso de presentarse algúns deles, xunto con información adicional (douttras persoas que coñecen a familia, por exemplo), convén sospeitar que pode haber nenos/as en risco ou que están a recibir malos tratos.

3. DETECCIÓN E NOTIFICACIÓN.

- A información recollerase preferiblemente por escrito ou persoalmente do individuo, profesional ou institución que notifica o caso.
- Transmitirase ao servizo de infancia da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, que comeza a investigación da situación persoal e familiar do menor.
- Para notificar un caso é suficiente ter unha "sospeita" razoable derivada da observación dalgúns dos seus indicadores (físicos ou comportamentais do/a neno/a ou dos pais).
- O artigo 22º da *Lei galega da familia, a infancia e a adolescencias 3/1997, do 9 de xuño*, sinala o **deber de comunicación** de toda persoa que teña coñecemento dunha situación grave de risco para un menor.
- A **responsabilidade** de determinar se se está producindo ou non unha situación de maltrato corresponde ós Servizos de Infancia e non a outros profesionais ou servizos, excepto naqueles casos nos que se cometese un delito ou falta tipificada no Código penal (onde corresponde facelo á instancia xudicial).

RISCO SUICIDA

Ante unha verbalización (directa ou indirecta): comunicala inmediatamente á dirección do centro.

Actuacións se hai colaboración:

- **Valoración urxente pola Xefatura do Departamento de Orientación.**
 - Entrevista co/coa menor.
 - Avaliación do risco.
 - Entrevista coas persoas responsables da/do menor.

Actuacións se non hai colaboración:

- **Chamada inmediata ao 061. Se a/o menor ten un código Agarimo, seguiranse as súas instrucións.**
- **Información ás familias.**
- **Información á Inspección.**

Intervención despois dun intento:

- **Reunión coas persoas responsables** da/do menor pola xefatura do departamento de orientación e a xefatura de estudos.
- Programar **accións co grupo-clase** (cando haxa consentimento das persoas responsables da/do menor).
- Planificar a **entrada na aula**: procurar normalidade e deseñar tarefas de acompañamento cos/as iguais.
- Orientacións para o **traballo do equipo docente**:
 - Consensuar actuacións: tutoría en liña, reforzos, aprazamento probas de avaliación, flexibilidade na esixencia...
 - Información mínima ao persoal de garda e non docente para os momentos non lectivos.
 - Intervención do EOE.
- Levantarase **acta** de todo este proceso.

Marco legal:

- Cando se produza unha verbalización ou intento suicida nun menor comunicarásalles esta situación aos proxenitores, tutores ou gardadores legais (Ley orgánica 1996/1, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de axuízamento civil).
- No caso de que os proxenitores, gardadores, acolledores ou tutores legais se neguen a prestar o consentimento para a realización das avaliacións e tratamentos precisos para salvagardar a vida ou integridade física ou psíquica do/ da menor, considerárase como unha situación de risco de desprotección¹ e comunicáraselles a situación aos equipos técnicos do menor por medio de 116111 (Teléfono da Infancia), ou RUMI (Registro unificado de maltrato infantil, proteccionmenores@xunta.gal)

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_risco_suicida-v.12.pdf

POSIBLES CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

Un centro escolar, segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ten a obriga de facer unha educación para a igualdade e para a prevención da violencia de xénero.

Polo tanto, é responsabilidade do profesorado e de todo o persoal educativo ter en conta as seguintes pautas básicas:

- Cuestionar o propio sexismo interiorizado.
- Desmontar prexuízos sexistas.
- Utilizar unha linguaxe non sexista.
- Potenciar habilidades e capacidades individuais fronte a estereotipos de xénero.
- Fomentar a participación equilibrada de mozas e mozos.
- Rexeitar comentarios e actitudes sexistas nas aulas.
- Revisar os libros de texto: representación equilibrada de mulleres e homes e imaxes non estereotipadas.
- Recuperar personaxes históricos femininos.

Pautas a seguir ante unha situación de emerxencia de calquera persoa do centro.

A) Situación de emerxencia:

- Contactar co 061 ou 112.
- Contactar coa familia e/ou responsables.
- Contactarase co CIM para recibir asesoramento.
- Información á Inspección educativa.

B) Outras situacións:

Observación de indicadores:

- Físicos: sinais no corpo, estrés, cansazo, cambios na imaxe, trastornos no sono...
- Psicolóxicos e socioeducativos: irascibilidade, diminución do rendemento escolar, dificultades de concentración, illamento...

Actuación: a dirección abre período de información mediante:

- Reunión coa persoa titora.
- Departamento de orientación.
- Persoa titora do presunto agresor (se é do mesmo centro).
- Levantarase acta das actuacións.

C) Seguimento:

Se despois da actuación non se observan indicios, facer un seguimento da alumna.

Se se observan indicios:

- Contactar co CIM do Concello para asesoramento.
- Comunicación á alumna, familia ou responsables legais.
- Comunicación de incoación de expediente ao agresor e familia ou responsables legais. Se non é do centro, comunícase á Inspección educativa.
- Prestación de apoio á vítima:
 - Se hai lesións, comunícase ao grupo especializado das forzas e corpos de seguridade.
 - Se non hai violencia: asignación dunha persoa de apoio e atención (escollida pola alumna); organización de grupos de axuda entre iguais para o seu apoio emocional.

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guiaviolenciaxenero_0.pdf

PASOS A SEGUIR PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO

Educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo.

1 Comunicación ao centro.

- Os representantes legais manifestan mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero da/do menordiferente da asignada na documentación civil.
- O equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para analizar o caso e activar os recursos necesarios de orientación e apoio.
- Os servizos de saúde, a través da familia e co seu consentimento, poderán remitir ao centro educativo información e orientacións en materia de saúde biopsicosocial relevantes no contexto educativo.

2 Departamento de orientación.

- Comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas procedentes.
- Facilitar aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.
- Realizar o informe psicopedagóxico, co consentimento da familia, coas orientacións de atención á diversidade dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa.

3 Establecemento de medidas de atención.

- Realizados os pasos anteriores, a dirección do centro convocará unha reunión co alumnado e cos seus representantes legais, coa xefatura do departamento de orientación e co profesorado tutor do alumno ou da alumna, para establecer as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen.
- A persoa titora trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
- En reunión de claustro comunicaranse as medidas que afecten ao total de docentes do centro.
- A secretaría do centro, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.

4 Outras consideracións.

- Cando un/unha alumno/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle o seu apoio e mediación na comunicación coa familia, así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten indicadores de maltrato cara á identidade de xénero do/a menor, activaranse as actuacións previstas no Plan de convivencia, nas NOFC e, se é o caso, nos protocolos de atención ao maltrato infantil.
- No desenvolvemento das actividades no centro, hase de respectar sempre a identidade de xénero manifestada pola alumna ou alumno.

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/16fd7e59099aece2678d80136ede0e21.pdf

PROBLEMAS DE CONDUCTA.

Son os comportamentos que afectan negativamente a unha persoa e o contorno no que vive (familia, escola, traballo, veciñanza...), por romper as normas de convivencia e deteriorar o desenvolvemento persoal e social. Para consideralos como tales, hai que avaliar a intensidade, duración, frecuencia e idade á que se presentan e o medio sociocultural.

Dende unha perspectiva interdisciplinar, que integra a visión educativa, sanitaria e social, os problemas de conduta máis frecuentes son: trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDA-H); comportamentos oposicionistas desafiantes; conduta disocial; violencia entre iguais; trastorno de ansiedade; problemas dos sistemas familiar, escolar e social.

Prevención e intervención no ámbito escolar.

- **Desenvolvemento de competencias emocionais e educación en valores**, aspectos aos que lle hai que dar prioridade no currículo escolar mediante un programa sistemático de actuacións.
- **Estilo educativo asertivo**. A superación do autoritarismo e permisivismo esixe un estilo educativo que integre normas, diálogo e autonomía, establecendo claramente as e as consecuencias, con tranquilidade, seguridade e constancia. Hai estratexias do profesorado que melloran a conduta do alumnado: conversación particular eloxiosa e estimulante, recoñecemento público de que está mellorando, corrección privada...
- **Adaptación do currículo**. É conveniente avaliar a necesidade de tomar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización curricular.
- **A titoría: unificación de criterios**. Ao profesorado titor correspóndelle unificar criterios de actuación de todo o equipo docente e coordinarse coa familia. A través do departamento de orientación ou equipo de orientación específico, pódense establecer relación cos profesionais de saúde mental e servizos sociais que lle poden estar axudando á alumna/o.
- **Consensuar normas de convivencia**. A prevención busca que o alumnado sexa capaz de analizar e prever as consecuencias das súas accións e que chegue a interiorizar as normas de convivencia consensuadas cos seus compañeiros, coas compañeiras e profesorado.
- **Medidas flexibles de organización da aula**, de tal xeito que favoreza o traballo colaborativo e de ser o caso, permita introducir cambios para a contención.
- Posta en práctica de diferentes **estratexias metodolóxicas**: a titoría compartida, a titoría entre iguais, contratos de conduta, entrevistas de titoría e axenda escolar, mediación en conflitos...
- **Técnicas de intervención** para aprender a superar a ansiedade e as fobias.

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/ftpserver/portal/DXC/conducta.pdf>

Atención ao alumnado con enfermidades longas ou crónicas

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON ENFERMIDADES LONGAS OU CRÓNICAS.

A atención educativa nun contorno inclusivo e normalizado, e a aceptación das condicións de saúde como aspectos que acompañan a persoa ao longo da vida, que pode presentarse en calquera momento e afectar a calquera individuo, debe ser un obxectivo prioritario. Esta tarefa compéetelle á totalidade da comunidade educativa e non é tarefa exclusiva de ningún colectivo en particular.

Atención educativa hospitalaria:

- Destinada a alumnado de longa (a partir de quince días) e media duración. Recibe atención educativa en coordinación co centro de orixe.
- Se é de curta duración, realiza actividades educativas de carácter xeral.
- Mantense a avaliación e promoción nos centros de orixe, o que implica coordinación co profesorado titor do centro de referencia (orienta o proceso educativo) e co departamento de orientación.

Atención educativa domiciliaria:

- Destinada a alumnado convalecente no domicilio por tempo superior a un mes, ou alumnado con enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados, durante un período mínimo de seis meses.
- Presenta a solicitude a familia, acompañada do informe médico.
- Desde a dirección do centro, trasládase a solicitude a Inspección e Xefatura Territorial, que autoriza ou denega a solicitude.

Programa Alerta escolar:

Destinado a alumnado que co preceptivo informe médico presente:

- Crises alérxicas (anafilaxia).
- Crises comiciais (epilepsia en todas as súas formas).
- Crises diabéticas.

O centro establecerá as medidas de coordinación oportunas coas familias, e ante unha crise, contactará cos servizos do 061.

Addenda diabetes:

A dirección do centro, nomeará, un equipo de apoio ao alumnado con enfermidade crónica, no que haberá unha persoa coordinadora. Serán funcións desta persoa:

- Coordinación co profesional sanitario de referencia, en colaboración coa dirección do centro e co departamento de orientación.
- Apoio no control da glicosa e na administración, se procede, da insulina.
- Control e xestión dos elementos de control e coidado na DM.
- Apoio na planificación de actividades extraescolares e complementarias nas que participe a alumna ou alumno con DM, coa colaboración do profesorado que apoia o alumnado con DM.
- Será quen exerza principalmente o apoio no control regular da glicosa e na achega, de ser o caso, de insulina. Cando as súas obrigas docentes non llo permitan ou cando non se atope no centro, será substituída, de xeito expreso, por unha persoa membro do equipo segundo se determine.
- Todo o persoal do centro coñecerá os síntomas que a caracterizan e a atención básica. En caso de dúbida poderá requirir o apoio do profesorado que apoia a DM.
- O alumnado con diabetes pode e debe realizar exercicio físico como calquera outro da súa idade, agás prescrición facultativa. O profesorado de educación física debe coñecer e ter en conta a sintomatoloxía que o exercicio provoca.

MÁIS INFORMACIÓN:

Protocolo de Urgencias Sanitarias/Enfermidade crónica:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/cfc0729ec26f7656c22232f0be2d2a5d.pdf

Addenda diabetes:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/b6e9f120425eb002797120616126c34d.pdf

Addenda enfermidade inflamatoria intestinal:

http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/addenda_de_emfermidade_inflamatoria_intestinal.pdf

Atención educativa domiciliaria:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2019/04/16/6ce44f8df858e6aaf952d50914d3e62c.pdf

PROTECCIÓN DE DATOS.

- Non se poderá recadar nin difundir información sobre a orixe racial ou étnica, as opinións políticas, as crenzas, a afiliación sindical, datos referidos á saúde e datos penais (agás os solicitados por escrito das autoridades competentes) dos membros da comunidade educativa.
- Aos datos do alumnado, só poderán acceder as persoas que o necesiten para exercer unha determinada función, xa sexan do equipo directivo, do profesorado que lle imparte clase, claustro ou da administración do centro.
- A ANPA, para a prestación dun servizo e como entidade encargada da protección de datos, subscribirá un acordo que implique a obriga de tratar os datos unicamente segundo as instrucións do centro.
- Xestión do correo electrónico:
 - A información dirixida ao profesorado en xeral, redirixirase a este ou ben ás persoas coordinadoras dos equipos docentes e/ou departamentos.
 - A información persoal, é confidencial, polo que só deberá coñecerla a persoa interesada, ou por razón do seu cargo, os membros do equipo directivo. Os correos electrónicos dirixidos ao equipo directivo e ao Departamento de Orientación, incluídos os seus anexos, son confidenciais. Serán as persoas membros do equipo directivo, e no seu caso a xefatura do Departamento de Orientación, quen decida sobre a súa posible difusión.
 - Debe evitarse o uso da conta electrónica do centro para contactar coas familias, procurando o uso de Abalar móbil, contas de correo específicas ou calquera outro medio que o profesorado considere oportuno para establecer a comunicación e que sexa autorizado pola xefatura de estudos.
 - O profesorado só poderá contactar coas familias do alumnado ao que lle imparta clase. Se fora necesario ofrecer información ás persoas responsables doutros grupos, mandarase comunicado desde a propia conta do centro.

Conservación dos datos.

Calquera documento xerado ou recadado polo centro no exercicio da súa función ten a consideración de documento de titularidade pública, polo que non poderá ser destruído en tanto non se cumpran os requisitos que a normativa en materia de arquivos e documentos estableza.

Obrigas

O equipo directivo, o profesorado no ámbito das súas competencias, así como o persoal administrativo do CEIP de Prácticas López Ferreiro, teñen que cumprir o establecido no Protocolo para a protección de datos, e informar de calquera problema de seguridade que se observe.

Dúvidas.

Ante calquera dúbida, a dirección do centro, ou persoa en quen delegue, consultará co *Delegado de Protección de Datos* da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

MÁIS INFORMACIÓN:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_de_proteccion_de_datos_persoais_out22.pdf

<https://www.aepd.es/es/documento/comunicar-brecha-datos-personales.pdf>

<https://www.aepd.es/sites/default/files/2019-12/consecuencias-administrativas-disciplinarias-civiles-penales.pdf>

OUTROS PROTOCOLOS (diversidade e orientación)

<https://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientacion/1764>

Anexos

ANEXO I: Modelo de parte de incidencias.



XUNTA
DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN
INFANTIL E PRIMARIA
LÓPEZ FERREIRO

REXISTRO DE INCIDENCIAS

Nome da/o neno/a: do curso: grupo:

Mestra/e que recolle a incidencia:

Data: hora:

Feitos:

Medidas adoptadas:

En Santiago de Compostela, a de de 202

Asdo:

Á XEFATURA DE ESTUDOS

ANEXO II: Desenvolvemento dos patios participativos e facilitadores.

Implementación progresiva, comezando un día á semana durante o primeiro ano. Cando se consolide esta fase pasaríase á seguinte (dous días á semana ou tres). O resto dos días desenvolveríase o xogo libre, con utilización dos materiais por parte do alumnado de forma autónoma.

Acompañamento: primeiro sería o profesorado quen o fai. Logo, **engadiríase** alumnado colaborador, pero o profesorado estaría igualmente apoiando o desenvolvemento do xogo.

Características dos xogos:

- Os xogos que se propoñen son cos materiais que se teñen normalmente no colexio. Hai opcións de enredos elaborados, ou realizados partindo da creatividade do profesorado e alumnado.
- **As instrucións deben ser claras. Todos os** xogos deben acompañarse de normas claras e precisas, con **instrucións visuais e con texto** (braille, lingua de signos, linguaxe bimodal...).
- Hai que utilizar un **panel de resolución de conflitos cooperativo**. Ante un problema, débese parar o xogo, achegarse ao panel e intentar resolver o conflito entre as persoas xogadoras.
- É fundamental acompañar, cando o precise, ao **alumnado diana***. A axuda débese ir retirando a medida que son máis capaces de xogar con autonomía. É necesario que calquera alumna/o coñeza a que vai xogar e como ten que facelo antes de decidir non participar, nunca debe haber ninguén na zona escura do patio*.
- O balón non hai que prohibilo, pero debe ter o seu espazo delimitado, cunha normativa clara e utilizando o panel de resolución de conflitos.

***Alumnado diana sería o diagnosticado por** TEA, TEL, dislexia, discalculia, AACC, TDHA... Alumnado en risco de exclusión social, con dificultades auditivas, ou visuais, motrices, con síndrome, con situacións persoais comprometidas, alumnado de incorporación tardía, alumnado novo...

***Zona escura do patio:** zona na que se quedan aquelas e aqueles nenas e nenos que non xogan, que non entenden o que está sucedendo, que non lles interesa, que non lles motiva xogar ao que xogan os demais. Zona perigosa porque aí temos o risco de chegar a vivir situación complicadas. O acoso escolar pode ser máis propicio que suceda nestas zonas.

ANEXO III: A mediación entre iguais.

A) Composición do Equipo de mediación entre iguais.

Desenvolverase un plan de formación entre alumnado voluntario de 4º, 5º e 6º, cuxas familias asinaran a autorización para participar.

Cando haxa que intervir nun caso, nomerase unha comisión que estará formada por dúas alumnas ou dous alumnos que recibiran a formación e non teñan relación coas partes en conflito. A súa xestión contará coa axuda e supervisión da xefatura do departamento de orientación, ou cun membro do equipo directivo. Esta comisión deberá respectar os seguintes compromisos:

- Ser neutrais e imparciais.
- Exercer a escoita activa e promover a escoita mutua.
- Regular a comunicación, pero non decidir acordos nin enxuízar.
- Asinar un compromiso de confidencialidade.
- A súa acción non impide que haxa que aplicar medidas sancionadoras.

B) Proceso da mediación.

- Cómpre informar ao alumnado da existencia do programa.
- Disporanse uns impresos para que as nenas e os nenos soliciten, voluntariamente, a intervención do equipo de mediación entre iguais.
- A xefatura do departamento de orientación ou un membro do equipo directivo, determinará, de entre o grupo de mediación, quen serán as dúas persoas máis axeitadas para resolver o conflito. Manterase unha reunión por separado coas partes implicadas antes da reunión conxunta.
- As partes implicadas no conflito, adquiren os compromisos de: seguir as normas da mediación; manter unha actitude positiva; cumprir o acordo ao que se chegue.
- Ao cabo de quince días, observarase a evolución do conflito e se se pode dar por resolto.

ANEXO IV: A tutoría compartida.

Persoal implicado.

Este programa pode desenvolverlo a persoa docente con destino no centro por escolarización de alumnado de atención preferente ou polo profesorado que dispoña da liberación horaria necesaria.

Funcións do persoal implicado:

- Cumprimentar o caderno de seguimento, reflectindo o traballo desenvolvido co alumno ou coa alumna que se lle asignou e rexistrando entrevistas individualizadas con el ou ela, coas familias, incidencias que dificultan ou impulsan o proxecto e actuacións adoptadas, acumulación de bonificacións, así como calquera outra observación que se estime conveniente.
- Elaborar para as familias un informe resumo, onde se recollan os aspectos máis relevantes do seguimento realizado, ademais do boletín trimestral.
- Intermediar, conciliar e, no seu caso, intervir na resolución dos conflitos nos que estea involucrado o seu titorando ou a súa titoranda, participando na adopción de medidas pedagóxicas ou disciplinarias.
- Achegar as conclusións positivas e negativas xurdidas das experiencias co alumnado monitorizado ao resto do equipo educativo.

ANEXO V: Prácticas restaurativas.

Proceso:

Existen diferentes técnicas para a súa posta en práctica. No enlace do Ministerio de Educación, atopamos exemplos de centros educativos que desenvolven esta estratexia. Belinda Hopkins en Tiempo de círculo y reuniones en círculo, baséase en cinco principios, segundo os cales a persoa restaurativa cre que:

1. Todo o mundo ten unha perspectiva propia sobre calquera situación dada; hai que ofrecer a oportunidade de expresala para sentirse escoitada/o.
2. Os pensamentos inflúen nos sentimentos, e estes á súa vez nas accións e comportamentos de cada persoa.
3. As accións ou comportamentos de cada persoa afectan ao resto; é útil identificar a afectación xerada en calquera situación.
4. Cando as necesidades están cubertas as persoas poden dar o mellor de si.
5. As persoas afectadas por unha situación, conflito ou problema son as que están na mellor posición para decidir, de maneira cooperativa, como darlles resposta. As persoas valoran que se lles implique.

Para a *organización dos círculos*, hase de ter en conta:

- Se existe alguén descoñecido/a, propónse unha rolda inicial de presentacións.
- A persoa facilitadora debe explicar o motivo do círculo, algo similar a isto: *“Reunímonos aquí para falar sobre que facer en relación con (feitos), para que cada persoa explique o seu punto de vista, como se viu afectada e pensar entre todos que podemos plantexar para resolver a situación”*.
- Só se pode falar cando se ten un obxecto que se pasará nunha dirección (dereita ou esquerda), dando a palabra a todas as persoas dunha nunha, sen saltarse a ninguén. Hai que acordar un tempo para falar, que permita que cada quen exprese a súa opinión.
- É básico que se respecte ás e aos demais e o que din; ademais, débese coidar a linguaxe, tanto verbal como xestual.
- Se o conflito o require, hai que lembrar a confidencialidade do tratado. É importante que as e os participantes saiban cales son os seus dereitos e as súas responsabilidades legais, e que poidan explicar todo o que lles fai sentir vulnerables para que se sintan con seguridade.

Dna. Almudena Bermúdez de la Puente, secretaria do centro CEIP de Prácticas López Ferreiro

CERTIFICA

Que o Plan de Convivencia foi presentado no Claustro o día 17 de outubro de 2023 e aprobado polo Consello Escolar do centro na reunión celebrada o 18 de outubro de 2023.

E para que conste e teña os efectos oportunos onde proceda, expido esta certificación.

Santiago de compostela, 23 de outubro de 2023

A secretaria

AB de la



Almudena Bermúdez de la Puente